

Quero ser o teu domicilio permanente

Señor, non che gustan as casas frías, nin os templos escuros e solitarios, ti queres habitar primeiro no meu corazón sendo de casa, amigo, veciño, inquilino no meu corazón.

Señor, no meu corazón queres habitar, que el sexa o teu domicilio permanente, ti Pai, Fillo e Espírito, o meu Deus, o meu amigo, a miña familia, a miña vida. Señor, e eu, ignorante, buscándote sempre fóra! É no corazón onde ti queres que te visite primeiro.

Señor, ti nunca me deixas só, envíasme o teu Espírito para abrimme o entendemento, explicarme a Palabra e acender o lume do teu amor dentro de min.



ORACIÓN POLO DOENTE 2019

Estiven doente e visitáchesme, chamáchesme polo meu nome, e viñas cada mañá riseiro a dicirme: bos días.

Fun para ti alguén, e non algo,
aceptaches con paciencia as miñas impaciencias,
e sempre que viñas verme dábasme paz.

Eu atopábame con medo, asustado;
ti acollíchesme con serenidade e con agarimo,
e ddécheslle a volta á miña almofada para que me sentise mellor.

Tratásme con competencia e déchesme o que máis necesitaba:

agarimo, comprensión, escoita e amor.

E con todo isto déchesme a Deus.

26-05-2019

Domíngo de Pascua -6º-C



A Palabra de Deus é XESÚS
e resoa polo ESPÍRITO.

PASCUA 6º



Feitos dos Apóstolos 15, 1-2. 22-29: Temos decidido, o Espírito Santo e mais nós, non impoñervos máis cargas que as indispensables.

Irmáns: Téndonos decatado de que algúns de aquí, sen encargo noso, tenvos alborotado coas súas palabras, desconcertando os vosos ánimos, decidimos, por unanimidade, elixir a algúns e enviárvolos cos nosos queridos Bernabé e Paulo, homes que entregaron a súa vida ao nome do noso Señor Xesucristo. Mandámosvos, pois, a Silas e a Xudas, que vos referirán de palabra o que segue: decidimos, o Espírito Santo e mais nós, non impoñervos máis cargas que as indispensables: que vos absteñades de carne sacrificada aos ídolos, de sangue, de animais estrangulados e de unións ilexítimas. Faredes ben en apartarvos de todo isto. Saúdos».

Salmo 66: Oh, Deus, que te loen os pobos, que todos os pobos te loen.

Apocalipse 21,10-14.22-23: Amosume a cidade santa que descendía do ceo.

Xoán 14, 23-29: O Espírito Santo iravos lembrando todo o que vos dixeran.

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: «O que me ama gardará a miña palabra, e o meu Pai amarao, e viremos a el e faremos morada nel. O que non me ama non garda as miñas palabras. E a palabra que estades oíndo non é miña, senón do Pai que me enviou.

Faleivos disto agora que estou ao voso lado, pero o Paráclito, o Espírito Santo, que enviará o Pai no meu nome, será quen volo ensine todo e vos vaia recordando todo o que vos dixeran.

Déixovos a paz, douvos a miña paz: non vola dou eu como a dá o mundo. Que non se turbe o voso corazón nin se acovarde. Oístesme dicir: “Voume e volvo ao voso lado”. Se me amádeses, alegrariádesvos de que vaia ao Pai, porque o Pai é maior ca min. Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que cando suceda creades».

(Narrador-Xesús)



*Lo que me ama
meu Pai amarao
e viremos a el
e faremos morada nel!*



A Palavra de Deus é Xesús e resoa polo Espírito....

1. VER: Onde esconder a Deus?

-Deus estaba canso de nós porque sempre estabamos molestándoo, pedíndolle cousas. Así que pensou: “vou agocharme por un tempo”. Reuniu aos seus anxos e preguntoulles: “**onde debo agocharme?**”. Algúns dixeron: “*agóchate detrás da montaña máis alta da terra*”. Outros: “*non, agóchate no fondo do mar, non van acharte alí*”. Outros dixeron: “*non, agóchate do outro lado da lúa, nunca poderán atoparte*”.

Entón Deus volveu cara ao máis intelixente dos seus anxos e inquiriulle: “*onde me aconsellas que me agoche?*” O anxo respondeu: “*agóchate no corazón humano*”. “*É o único lugar onde eles non miran nunca!*”

Ten razón este anxo? Que é mirar no corazón? Que persoas viven xa no teu corazón?

2. XULGAR: Deus quere vivir no teu corazón

-No evanxeo de hoxe, o último de Pascua, Xesús revela aos seus amigos: “**O que me ama gardará a miña palabra, e o meu Pai amarao, e viremos a el e faremos morada nel**”.

QUE NOS QUERE DICIR? Deus quere ser o noso motor e guía.

-**Deus (Pai Fillo e Espírito Santo) quere habitar, vivir no noso corazón...** *Se o amamos el habitará en nós.* No noso corazón é onde quere vivir, non nunha casa de pedra.

+ **Deus habita no que lle ama e garda a súa Palavra.** *Se o queremos e gardamos a súa Palavra el tomará as rendas da nosa vida, conduciranos e encheranos da verdadeira vida, a vida divina, encheranos da súa forza e actuará en nós.*

+ **A palabra é Xesús e resoa polo Espírito.** *Le cada día a Palavra de Deus, medítala no teu corazón como María e o Espírito faraa resoar na túa vida cambiando a túa forma de ser, de actuar, de ser cristián.*

Que vos suxire todo isto a vós?

3. ACTUAR: Deixa vivir a Deus en ti

--Busquemos momentos para ocuparnos da nosa **vida interior**, o silencio, a oración, todo o que nos axuda a que Xesús viva de verdade no meu corazón.

-Evítade os insultos, as faltas de respecto, pois no outro **habita Deus**.

-**É o día do Enfermos:** preparade algún detalle para cos enfermos da parroquia; flor, a oración do enfermo, unha frase como: “a túa parroquia reza por ti e recórdate na túa enfermidade. Poderíase facer tamén a celebración comunitaria da Unción tras unha axeitada preparación.

Que detalle preparamos para finalizar o mes da Virxe?

